

## FOEXGA / SINERXIA 2019 - 2020. CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN do 30 de novembro pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2019-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (DOG nº235 del 11/12/2018) - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002_gl.html)

RESOLUCIÓN do 19 de xullo de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Programa Sinexía da Internacionalización, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG423A) - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190801/AnuncioO92-190719-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190801/AnuncioO92-190719-0001_gl.pdf)

### MISIÓN COMERCIAL A OURCROWD JERUSALEM - ISRAEL PARA PYMES - EXPEDIENTE. IG202.2019.1.227 PARA GRANDES EMPRESAS - EXPEDIENTE. IG265.2019.1.126 9 - 14 Febreiro 2020

A Cámara de Comercio de A Coruña e o Igape convocan unha misión comercial a Israel e ao congreso – evento de repercusión mundial para diferentes sectores OURCROWD JERUSALEM - <https://summit.ourcrowd.com/> . Principalmente para empresas PEMES e NON PEMES do sector TIC ou que estean relacionadas ou interesadas co sector TIC en xeral ou tenten atopar investidores ou espazos de colaboración no eido TIC principalmente. Previo ao OURCROWD celébranse outros eventos TIC en TEL AVIV e XERUSALEM aos que as nosas empresas poden acudir. O OURCROWD en si mesmo celébrase o día 13 de febreiro pero as empresas poden adaptar a viaxe entre as datas do 9 ao 14 como eles prefiran en función dos seus intereses.

- ❑ **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de A Coruña e IGAPE.
- ❑ **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE.
- ❑ **OBXECTO:** Renforza-la posición das empresas galegas que estean á procura de investimentos e financiación en especial no eido TIC. Renforzar os produtos e servizos galegos no eido TIC no mercado de Israel (e noutros xa que o congreso é de corte mundial) así como apoiar as empresas galegas de calquera sector involucradas en actividades TIC ou industriais que estean á procura de oportunidades comerciais en Israel.

Asimesmo, o obxectivo principal do Plan FOEXGA é acadar a internacionalización real das pemes galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores. As empresas participantes poden face-la súa axenda pola súa conta ou ben solicitar axendas de reunións organizadas polas Oficina Comerciais, consultoras privadas ou polas Cámara Españolas no país de destino (neste caso sempre segundo as posibilidades que teñan de face-la axenda dependendo da viabilidade da mesma e do marxe de tempo que haxa).

O obxecto destas bases é posibilitar o apoio á participación das empresas galegas non pemes nas misións comerciais e participación en feiras internacionais incluídas na programación de actividades internacionais do Plan do fomento das exportacións galegas 2019-2020 (Foexga). Están programadas 230 accións internacionais que se celebrarán ata o 31 de outubro de 2020 e considérase moi interesante a inclusión das empresas galegas non pemes nelas, xa que a participación de empresas de maior tamaño, experiencia e volume poden actuar como efecto tractor doutras empresas e, polo tanto, contribuír ao obxectivo principal de incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das nosas empresas.

- ❑ **BENEFICIARIOS:** Empresas PEMES e NON PEMES do sector TIC ou doutros sectores pero con intereses no eido TIC ou que busquen investimentos en temas tecnolóxicos ou cooperación de tipo tecnoloxía e industrial que cumpran os requisitos conforme ao establecido nesta convocatoria de

seguido e na lexislación vixente. En resúmen, poden participar empresas PEMES galegas (segundo a definición da Unión Europea) de sectores diversos de actividade que desexen promocionar os seus produtos / servizos no ámbito internacional. As empresas, tanto PEMES como NON PEMES deberán cumprir ca normativa de Minimis e estar o corrente de pago nas súas obrigacións tributarias, fronte a Seguridade Social e Facenda e as Cámaras de Comercio. Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo.

- ❑ **SECTOR:** TIC e empresas TIC ou doutros sectores relacionadas ou con intereses TIC ou que estean á procura de investimentos en áreas TIC e industriais. E poden participar empresas PEMES e NON PEMES.
- ❑ **DATAS:** 9 ao 14 de Febreiro de 2020 pero as empresas poden adapta-la súa viaxe as necesidades empresariais que teñan realmente.
- ❑ **CIDADES:** Tel Aviv e Xerusalén e outras en función da axenda empresarial da empresa.

O Igape é xestor de fondos Feder do marco regulamentario 1420 no seguinte encaixe: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das pemes. Campo de Intervención 066: Servizos de axuda avanzados para pemes e grupos de pemes. Liña de actuación 18: Apoio financeiro para accións de promoción e implantación no exterior, e apoio financeiro para internacionalización vía cooperación, e Liña de actuación 15: Promoción da cultura de internacionalización, presenza nos mercados exteriores, estratexia de posicionamento internacional de Galicia, aliñación coa axenda estratéxica Horizonte 2020 da UE. O indicadores de produtividade correspondente é o número de empresas que reciben subvencións. E o indicador de resultado é o incremento do número de pemes exportadoras.

## SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria

## PLAN DE VIAXE PREVISTO E CONDICIÓNS BASE DA VIAXE

- As empresas poderán adapta-la súa viaxe pernoctando un número de días que sexa o máis indicado ao número de entrevistas e actividade profesional que teñan en Tel Aviv e Xerusalén.
- Pero parte da viaxe debe coincidir en parte nestas datas.
- Ponse de base para dar un prezo a cidade de Tel Aviv pero as empresas poderán desprazarse e pernoctar noutras localidades sempre que o xustifique a súa axenda empresarial.
- Todo o anterior sempre tendo en conta as normas marcadas no convenio Foexga 2019 - 2020 - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/Anuncio092-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/Anuncio092-301118-0002_gl.html) .
- O prezo reflectido nesta convocatoria é totalmente orientativo agardándose para os prezos reais pola confirmación das datas e os prezos das axencias de viaxes organizadores.
- As empresas deberán pagar para inscribirse as cantidades reflectidas nesta convocatoria e a posteriori faránse os axustes necesarios en relación ao prezo real da viaxe (as noites reais que pasen, as localidades onde pernocten, os prezos reais dos voos, etc.).
- As empresas deberán traballar cunha única axencia de viaxes que será a designada pola Cámara logo de resultares a mesma gañadora do concurso que se fará para prestar os servizos da viaxe.
- Para maior información por favor consulte coa Cámara de Comercio e revise as condicións establecidas no Convenio Foexga 2019 – 2020.

**MOI IMPORTANTE:** *Unicamente se admitiran os gastos de viaxe do persoal da peme participante, entendendo por tal calquera traballador da peme contratado por conta allea, accionista, propietario, administrador ou representante legal, ou persoal contratado doutro modo para labores de internacionalización da empresa. Poderase solicitar documentación xustificativa.*

## CUSTO DE PARTICIPACION

**MOI IMPORTANTE:** *Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. A empresa deberá ingresar as cantidades correspondentes coa súa inscrición na acción. A posteriori axustaranse coa empresa as cantidades reais a pagar en cada caso cando se saiba con exactitude o prezo real das viaxes e dos servizos prestados para cada empresa.*

○ **Detalle dos custos para participar na acción (a empresa ten que ingresar estas cantidades ao faceres a inscrición):**

- **Participación na acción:** 2.400,00 € + 21% IVE = **2.904,00 €**

○ **Estes custos inclúen:**

- 1 persoa por empresa.
- Aloxamento. Ata 5 noites de aloxamento. En caso de dúbidas, consulte coa Cámara unha vez inscrito.
- Billete de avión. En caso de dúbidas, consulte coa Cámara unha vez inscrito.
- Entrada ao congreso..
- Seguro de viaxe.
- Parte proporcional de gastos de xestión da subvención, información e asesoramento as empresas.
- Parte proporcional do viaxe, seguro, aloxamento, dietas e horas de acompañamento dunha persoa da Cámara organizadora.

○ **Resumo dos conceptos para os que a subvención está estipulada (son só estimacións):**

**MOI IMPORTANTE PARA EMPRESAS NON PEMES:** *As empresas NON PEMES recibirán unha subvención que poderá ser do 70% ou do 60% segundo a seguinte distinción:*

- **Empresas con menos de 500 empregados – 70% de subvención.**
  - **Empresas con máis de 500 empregados – 60% de subvención.**
- 
- **90% (PEMES) e 70 / 60 % (NON PEMES) do billete de avión ata un custo máximo do billete de 930,00 € (\*)** – Este límite baséase só no suposto de voos a Tel Aviv. Bábase no anexo V do Plan Foexga (válido para o programa Sinexia da internacionalización para empresas NON PEMES) no que é fundamental para o cálculo a distancia desde a cidade de orixe á cidade de destino de celebración do evento: calculada en quilómetros segundo o calculador establecido pola Comisión Europea para o abono dos desprazamentos en proxectos europeos [http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)  
(\*): *ou ata o prezo marcado por a axencia de viaxes gañadora si fose inferior ao importe máximo marcado anteriormente.*
  - **90% e 70 / 60 % (NON PEMES) de hotel 5 noites ata un custo máximo por noite hotel: 288,80 € (\*)** – Este límite para ISRAEL vería marcado polo anexo V do Plan Foexga (válido para o programa Sinexia da internacionalización para empresas NON PEMES). Bábase no 80% do importe total indicado per diem pola Unión Europea no seguinte link: [http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per\\_diems/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm)
  - **90% e 70 / 60 % (NON PEMES) de gastos de xestión, info, etc da Cámara.** Segundo o marcado polo Plan Foexga (válido para Sinexia).
  - **90% e 70 / 60 % (NON PEMES) de rexistro no Congreso.** Segundo o marcado polo Plan Foexga. (válido para Sinexia).

- **90% e 70 / 60 % (NON PEMES) de envío de mostras.** Segundo o marcado polo Plan Foexga (válido para Sinerxia)..
  - **90% e 70 / 60 % (NON PEMES) de intérprete.** Segundo o marcado polo Plan Foexga (válido para Sinerxia)..
  - **Importe máximo subvencionable por empresa sen IVE:** 4.000,00 Euros.
- **Resumo de subvencións e importes reais a soportar polas empresas unha vez recibida a subvención (son só estimacións):**
- **Subvención final aproximada**
    - **PARA PEMES aproximada unha vez liquidada a subvención** (90% do gasto elegible - IVE non subvencionado): 2.160,00 €
    - **Subvención final PARA NON PEMES aproximada unha vez liquidada a subvención** (70 - 60% do gasto elegible - IVE non subvencionado):
      - **Empresas de menos de 500 empregados (70% subvención):** 1.680,00 €
      - **Empresas de más de 500 empregados (60% subvención):** 1.440,00 €
  - **Custo final aproximado para a empresa unha vez liquidada a subvención** (IVE non subvencionado):
    - **Custo final aproximado para a empresa PEME unha vez liquidada a subvención:** 240,00 Euros
    - **Custo final aproximado para a empresa NON PEME unha vez liquidada e recibida a subvención:**
      - **Empresas de menos de 500 empregados:** 720,00 €
      - **Empresas de más de 500 empregados:** 960,00 €

**MOI IMPORTANTE:** Todas estas condicións se basan en boa parte no anexo V das bases reguladoras do Plan Foexga e na normativa do propio Plan publicado no DOG nº 235 do 11.12.2018 (válidas tamén para o programa de Sinerxia da internacionalización para as empresas NON PEMES) :

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/Anuncio092-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/Anuncio092-301118-0002_gl.html)

## REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

**PARA PEMES** - Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº651/2014 da Comisión, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
- Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que estean dadas de alta en programas avanzados de lgape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013.  
A solicitude de alta en programas avanzados do lgape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do lgape IG192.
- Que estean ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise. Para estes efectos de empresa en crise, convén ter en conta a definición de empresa en crise que para as pemes aparece no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión.

Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

- Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).
- Que estean ao día de pagamentos adebedados ás Cámaras.

Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da Entidade Colaboradora, que será, asimismo a encargada de informar puntualmente o interesado sobre o estado da súa petición, o seus dereitos e obrigas, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O igape porá á disposición deste programa unha aplicación no enderezo na internet <http://www.tramita.igape.es> para os efectos de cubrir o cuestionario de participación electronicamente.

**PARA NON PEMES** - Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que superen os límites establecidos para definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 26.6.2014, L 187).
- Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que estean dadas de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- As beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser consideradas empresas en crise. Para estes efectos de empresa en crise, convén ter en conta a definición de empresa en crise que aparece na epígrafe 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiaria da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- Que cumpran a normativa de axudas *de minimis* segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.6.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013) e o Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 que o modifica (DOUE L 51 do 22 de febreiro de 2019).
- Que estean ao día nos pagamentos adebedados ás cámaras de comercio, industria y navegación de que formen parte.

Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente o interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas dela e das

notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O Igape porá á disposición deste programa unha aplicación no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electronicamente.

## OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
- b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto á xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.
- c) Difundir a convocatoria destas axudas nas súas páxinas web e dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional segundo o establecido no Anexo VII a estas bases e comunicar ás empresas esta obriga. **XÚNTASE A ESTA CONVOCATORIA OUTRO ARQUIVO ONDE REFLÍCTENSE AS CONDICIÓNS QUE TEÑEN QUE CUMPRIR AS EMPRESAS EN MATERIA DE PUBLICIDADE FEDER DAS AXUDAS.**
- d/ Subministrar, por requerimento do Igape, durante un período de tres anos a partir o 31 de decembro de 2017, informe de resultados concretos obtidos gracias ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das actuacións financiadas.
- e) Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita Lei.
- f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e comunicar ás empresas esta obriga.
- g) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.
- h) Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. O pagamento corresponderá ao importe total da factura emitida pola entidade colaboradora. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 20 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- i) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
- j) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- k) Responder a un cuestionario, a través da aplicación <http://tramita.igape.es>, relativo á actuación realizada, co obxecto de coñecer os resultados do Plan e trasladalos á Unión Europea. O Igape non aboará a subvención ata que se responda ao devandito cuestionario.
- l) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.
- m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## GASTOS SUBVENCIONABLES

**Gasto subvencionable:** o importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable (o reflectido a continuación é válido tanto para PEMES como NON PEMES):

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	LÍMITE DE GASTO SUBVENCIONABLE PARA CADA EMPRESA E ACCIÓN NA QUE PARTICIPE
<p><i>Viaxe dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante. Unicamente se admitirán os gastos viaxe do persoal da peme participante, entendendo por tal calquera traballador da peme contratado por conta allea, accionista, propietario, administrador ou representante legal, ou persoal contratado doutro modo para labores de internacionalización da empresa. Só son subvencionables os gastos de viaxe correspondentes a avión, tren e/ou autobús.</i></p>	<p><i>Límites anexo V Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento.</i></p>
<p><i>Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b), dúas persoas por peme participante.</i></p>	<p><i>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas e tendo en conta os límites indicados no anexo V. No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas</i></p>
<p><i>Traslados en grupo a ou dende o aeroporto, así como aqueles que se realicen no país da actuación.</i></p>	<p><i>Só se subvencionarán os gastos de traslado de aqueles medios contratados para o desprazamento de polo menos un grupo de 5 persoas.</i></p>
<p><i>Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b)</i></p>	<p><i>Cota ou fee de inscrición cun límite de 2.000€ por evento.</i></p>
<p><i>Parte proporcional do gasto da viaxe dunha persoa da cámara organizadora que viaxe para apoio técnico en destino. Só son subvencionables os gastos de viaxe correspondentes a avión, tren e/ou autobús.</i></p>	<p><i>Límites anexo V</i></p>
<p><i>Parte proporcional do gasto do aloxamento dunha persoa da cámara organizadora.</i></p>	<p><i>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das accións cun máximo de 5 pernoctas e tendo en conta os límites indicados no anexo V. No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas.</i></p>
<p><i>Parte proporcional de gastos de dietas e desprazamentos locais dunha persoa da cámara que viaxe para apoio técnico en destino. Dietas e desprazamentos correspondentes ao número de días de pernocta en destino subvencionables, importe segundo per diem país.</i></p>	<p><i>Límites establecidos na seguinte ligazón da Comisión Europea: <a href="http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm">http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm</a> (38% do importe per diem do país correspondente).</i></p>
<p><i>Taxa de visado e seguro de viaxe dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante, e parte proporcional dunha persoa da cámara organizadora.</i></p>	
<p><i>Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción. (Só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).</i></p>	
<p><i>Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.</i></p>	

<i>Aluguer do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.</i>	
<i>Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente.</i>	
<i>Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, xestión da subvención, informes, etc): 15 horas por peme beneficiaria participante no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) ou no caso de pemes beneficiarias que soliciten que a cámara lles facilite unha axenda de reunións. 10 horas por peme beneficiaria no resto de casos.</i>	<i>O custo elixible será o custo salarial (soldo, antigüidade, complementos salariais e custos de seguridade social), cun máximo de 40€ / hora, correspondente ao tempo dedicado á prestación do servizo co límite de horas de dedicación indicado para cada concepto.</i>
<i>Parte proporcional de horas de acompañamento á acción: A razón de 8 horas/por día de acción.</i>	
<i>Límite máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos</i>	<i>Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 4.000€ Por cada peme beneficiaria e por cada evento do tipo dos descritos no artigo 3.1.b) no que participe: 12.000€</i>

## CONTÍA DA AXUDA

**A contía da axuda será dun 90% para PEMES e dun 60% (empresas con máis de 500 empregados) ou 70% (empresas con menos de 500 empregados) sobre o importe dos gastos subvencionables. Estes porcentaxes son aproximados e poden ter unha corrección pequena á baixa.**

As achegas do Igape para o FOEXGA están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das pemes.

## PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite. O prazo para solicitar o cobramento será o de 30 días hábiles desde a finalización da acción.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes e non pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 30 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes e non pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.



## FORMALIZACION DE INSCRIPCIONS

**Data límite de inscrición: 13 de Decembro de 2019.**

**PLAZAS LIMITADAS** Criterio de selección: por orden de chegada da documentación o ata esgotamento do orzamento previsto nesta acción

Para formalizar a inscrición na acción, debe de facer o seguinte:

- Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un CERTIFICADO DIXITAL para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.
- En primeiro lugar teñen que acceder á oficina virtual do IGAPE. Está no seguinte link <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual> . Se non están rexistrados, terá que rexistrarse por primeira vez na pestaña “REXISTRAR NOVO USUARIO”. Unha vez que se registre por primeira vez, as claves valdránlle para acceder a esta OFICIÑA VIRTUAL do IGAPE tódalas veces que queira.
- O segundo paso é unha vez que estea dentro da OFICIÑA VIRTUAL, é comprobar que está a súa empresa dada de alta nos PROGRAMAS AVANZADOS DE INTERNACIONALIZACIÓN DO IGAPE. Se xa está dada de alta, pode continuar co proceso. Se non, deberá pinchar no apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar o “Alta en programas avanzados de Internacionalización - IG192.2019.1 - Alta en programas de internacionalización” . Teñen que acceder a ese formulario e solicitarlo. **ATENCIÓN:** Esta solicitude a teñen que facer unha soa vez e xa lle vale para calquera subvención de internacionalización que pida a IGAPE a partires de agora.
- En terceiro lugar, terán que ir ao mesmo apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar:
  - As PEMES deben buscar a “Acción FOEXGA 2019-2020 - IG249.2019.1 - Solicitude de participación na acción FOEXGA” e acceder a ese apartado e cubrir todo o que se pide.
  - As NON PEMES deben buscar as “Bases reguladoras das axudas do Programa Sinexía da Internacionalización - IG267.2019.1 - Solicitude de participación na acción SINERXÍA “ e acceder a ese apartado e cubrir todo o que lle pidan.
- Cando rematen de cubrir todo, deberán remitirnos por e-mail [exteriorpl@camaracoruna.com](mailto:exteriorpl@camaracoruna.com) a seguinte documentación (NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA CON TODA A DOCUMENTACIÓN QUE SE REFLECTE A CONTINUACION):
  - Formulario de solicitude de participación na acción que obterá logo de cubrir o formulario descriptivo. Lembre que unha vez estea no devandito enderezo do IGAPE, a mesma lle pedirá que identifique de qué acción se trata e por iso terá que elixir os seguintes códigos que veñen tamén no encabezamento desta convocatoria:
    - PEMES – Expediente IG202.2019.1.227
    - NON PEMES – Expediente IG265.2019.1.126
  - Instancia obtida logo de facer a solicitude de participación no enderezo web do IGAPE <http://www.tramita.igape.es> . A instancia é diferente da solicitude de participación xa que a instancia se obtén ao finalizar a presentación da solicitude de participación. A instancia hai que enviala escaneada e deberá vir asinada e selada pola empresa na última páxina da propia instancia.
  - Copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder).
  - Copia Certificados de estar o corrente coa AEAT, TGSS e Facenda.
  - Xustificante de pago á c/c a nome da Cámara de Comercio de A Coruña por **importe de:**
    - **Participación na acción: 2.400,00 € + 21% IVE = 2.904,00 €**

- Por favor reflicten no xustificante o nome da acción MISION COMERCIAL / FEIRA 2019 - 2020 para a cal están a facer o pago.
- Nº de conta: ABANCA: ES 82 2080 3103 1030 4001 7149

**MOI IMPORTANTE:** Se tivese problema para descarga-la ficha de inscrición ou calquera problema telemático ao inscribirse na plataforma do IGAPE, ten que contactar co IGAPE por medio do seguinte e-mail: [igapex@igape.es](mailto:igapex@igape.es)

Dende a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas polo que só dende o IGAPE e dende ese enderezo electrónico poderán axudarlles.

## PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

## INFORMACION E INSCRICIONS

Cámara de Comercio de A Coruña

Enderezo: Alameda 30 -1º / 15005 – A Coruña

Tfno: 981 216072 / 74 / Fax:981 225208 / E-mail: [exteriorpl@camaracoruna.com](mailto:exteriorpl@camaracoruna.com)

**MOI IMPORTANTE:** Todas estas condicións baseanse nas bases reguladoras do Plan Foexga e do Plan Sinerxia e na normativa establecidas nos mesmos:

FOEXGA - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002_gl.html)

SINERXIA - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190801/AnuncioO92-190719-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190801/AnuncioO92-190719-0001_gl.pdf)